

grupo chévere

creación 2024-2025

unha obra feita en lingua de signos e lingua galega dirixida a público oínte e a persoas xordas

HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA?



unha coprodución de chévere, centro dramático nacional e teatro lliure
co apoio de agadic-xunta de galicia

e a colaboración do centro dramático galego, concello de ames, ONCE, sala ártika

O EQUIPO

Creación

Idea

Dramaturxia e dirección

Reparto

Axudante dirección

Iluminación

Espazo escénico

Espazo audiovisual

Programador subtítulos

Espazo sonoro

Vestuario

Prints

Documentación

Asesoramento lingua signos

Asesoramento en inclusión

Adaptación a LSE

Audiodescripción

Voz gravada

Comunicación

Gráfica

Produción

Produción executiva

Distribución

Coprodución

Agradecementos:

Chévere

Chusa Pérez de Vallejo

Xron

Patricia de Lorenzo

Ángela Ibáñez

Chusa Pérez de Vallejo

Borja Fernández

Fidel Vázquez

Chévere/Nononon.lab

Lucía Estévez

Iñaki Ruiz

Xacobe Martínez Antelo

Uxía P. Vaello

Antía Martín

Xron

Ramón Costoya Lens

Chusa Pérez de Vallejo

Ángela Ibáñez, Chusa Pérez de Vallejo

Nieves García, Susana Longueira

Iván Marcos

Xana García

Tristán Ron

Inés Portela

Patricia de Lorenzo, Xron


Crémilo-Carlos M. Carbonell

Centro Dramático Nacional, Teatre Lliure
co apoio de **Agadic/ Xunta de Galicia.**

Colabora: **Centro Dramático Galego, Concello de Ames, ONCE, Sala Ártika**

Julia Fernández-Nieto, Vida Bajo Fernández, Irene Iñiguez, Cloti Vaello, Tomás Rábanos, Sara Crespo, José Portela, Elena, Sergio e Ainhoa, Magdalena Pérez de Vallejo, Jorge Bandín

“Mentres me adiquei a traballar para as persoas cegas a xente eloxiábame dun xeito extravagante chegándome a chamar “a arcipreste dos cegos” ou “a muller marabilla”. Pero cando o meu discurso pon no centro a pobreza e manteño que esta é resultado dunha economía inadecuada, e que o sistema industrial baixo o que vivimos é a causa da cegueira e xordeira na que vive a maior parte do mundo, daquela a cousa cambia.”
Helen Keller



Esta obra trata de confrontar o mito que se construíu sobre Helen Keller como modelo de superación e exemplo inspirador, co que ela escribiu, co seu pensamento radical e coa vida que realmente quixo vivir

Helen Keller no estudio do escultor Jo Davidson, década de 1940

INFO ÚTIL



Helen Keller, a muller marabilla? consta de:
1 pano de fondo branco
2 mesas
un busto de muller, 4 brazos articulados, 1 cabeza,
18 caixas de distintos tamaños
3 vestidos, 3 mandís, 6 lámpadas
1 bandeira
3 clips de vídeo
300 reproducións de cartas, documentos e obxectos de Helen Keller
3 actrices: Ángela, Chusa e Patricia.



HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA? foto SabelaEiriz

Duración: 90 minutos.

Audiencia: Maiores de 13 anos.

Idiomas: Obra bilingüe en lingua de signos (LSE) e lingua oral (galego).

Públicos: Ademais do público habitual, cómpre facer un esforzo de comunicación e difusión para facer chegar a información a persoas e asociacións de persoas xordas signantes, xordocegas e persoas con discapacidade visual.

ACCESIBILIDADE

Trátase dunha obra de teatro accesible e inclusiva, que integra a lingua de signos desde o inicio do proceso de creación e ao mesmo nivel ca lingua oral, e conta coa participación en escena dunha actriz xorda.

As medidas de accesibilidade que achega a compañía son:

- **Lingua de signos integrada (LSE):** todos os contidos da obra son signados polas propias actrices ou a través de vídeos integrados na escenografía.
- **Audiodescrición para persoas con discapacidade visual en todas as funcións:** a compañía elaborou un proxecto de audiodescrición que se gravou para que funcione perfectamente sincronizado co desenvolvemento da obra. A compañía dispón de 6 petacas con auriculares.
- **Recoñecemento táctil previo á función:** existe a posibilidade de organizar unha visita táctil para persoas con discapacidade visual, guiada polas propias actrices, unha hora antes do inicio da función e antes da entrada do público (ver apartado ACTIVIDADES PARALELAS ao final deste dossier).
- **Programa de man en braille:** ofrecemos varios exemplares con información en braille para uso durante a función, que deberán ser devoltos ao rematar.
- **Avisos:** a compañía dispón dun aviso en vídeo en LSE (lingua de signos española) para proxectar antes do inicio da función.
- **Subtitulación para grupos de persoas xordas non signantes:** a compañía dispón dun proxecto de subtitulación das partes faladas da obra, que poden solicitar previamente os grupos de persoas xordas non signantes que vaian asistir a unha función (o teatro debe avisar á compañía como mínimo o día anterior á función).

Outras medidas de accesibilidade recomendadas para os teatros:

- **Facilitar a xestión de acceso á sala de cans-guía:** algunhas persoas cegas e xordocegas necesitan asistir acompañadas por cans, que permanecen dentro da sala durante a función, polo que se recomenda reservar lugares na primeira fila ou en localidades situadas xunto a corredores.
- **Facilitar o acceso de acompañantes:** algunhas persoas cegas e xordocegas necesitan asistir acompañadas por persoas que actúan como guías. No caso de acompañar a persoas xordocegas é posible que precisen situarse diante delas nunha cadeira, polo que se recomenda reservar butacas en primeira fila.
- **Sinalización:** uso de sinais visuais adaptados para persoas xordas.
- **Reserva de localidades:** para persoas xordas, con baixa visión ou mobilidade reducida, para garantir que poidan seguir da mellor maneira a obra.



HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA? foto LucíaEstévez

A XIRA

Estas son as datas iniciais:

2024

Febreiro

Do 15 ao 25 **Compostela, Salón Teatro (estrea)**

Marzo

3 domingo **Soria, Teatro Palacio de la Audiencia**

8 venres **Carballo, Pazo da Cultura**

9 sábado **Vigo, Auditorio Municipal**

11 luns **Eibar, Auditorio**

Do 15 ao 31 **Madrid, Teatro Valle Inclán**

Abril

Do 1 ao 7 **Madrid, Teatro Valle Inclán**

11 xoves **Pontevedra, Teatro Principal**

12 e 13 **A Coruña, Teatro Rosalía de Castro**

26 venres **Ames-Bertamiráns, Casa da Cultura**

Maio

Do 9 ao 19 **Barcelona, Teatre Lliure**

Xuño

30 domingo **Cangas, Mostra Internacional de Teatro**

Xullo

20 sábado **Olite, Festival de Teatro de Olite (Navarra)**

Novembro

7 xoves **Tarragona, Jornadas sobre Inclusión Social y Educación en las Artes Escénicas**

Máis de 8.000 persoas xa viron a obra nos tres primeiros meses!

O QUE DI

A CRÍTICA

O que non se di

Chévere regresa aos escenarios cunha obra que volve romper coas expectativas. *Helen keller, a muller marabilla?* recunca no teatro documental pero, ao tempo, vai máis alá, interrogándose sobre as estratexias narrativas empregadas, pondo en cuestión o propio método de traballo, abrindo novos camiños para a relación co público. Historia e mentira, integración e marxinação, disidencia e sometemento aparecen nunha obra que se interroga sobre o que non se di e, sobre todo, por que non se di. Teatro en estado puro.

Chévere leva anos analizando a relación entre os acontecementos vistos en escena e as forzas activas na Historia e cuestionando o relato oficial desde as táboas. Este percorrido polas contradicións da historia recente converteu Chévere nunha compañía de referencia, nunha especie de Centro Dramático Nacional Galego que acerta sempre na pertinencia das súas escollas. Chévere fai gala de multitude de recursos que renovan a dramaturxia asociada ao teatro documental sen traizoar a esencia do xénero. Emprega estratexias narrativas moi próximas á linguaxe do videoxogo ou aos xogos de rol, aproxímase ao teatro de obxectos e continúa co seu labor de reformular o traballo de interpretación.

Manuel Xestoso, Sermos Galiza, 24 febreiro 2024

Una cautivadora obra sobre la ceguera, la izquierda y la fé

Para las personas sordas es gozoso seguir un espectáculo que se adentra en su mundo con voluntad tan decidida, a juzgar por los profusos aplausos mudos con los cuales acogieron su conclusión y por la manera en la que patearon la tarima: en otras ocasiones esto significa rechazo; en esta fue un modo de hacer llegar su entusiasmo a propios y extraños. Al público le cautivaron la historia y el desempeño de sus intérpretes. Y para la mayor parte del público oyente, acercarse a este universo supone una sorpresa dentro de un misterio.

Javier Vallejo. El País, 27 marzo 2024

Unha hora de radio cos Chévere

<https://www.rtve.es/play/audios/la-lira-de-apollo/chevere-indaga-figura-helen-keller/16032265/>

Rafael Losáñez, La Lira de Apolo, RNE, 30 marzo 2024

Helen Keller y la deconstrucción de los mitos

Poco a poco, en un tiempo escénico fluído sin efectismos gratuitos, la obra nos va conduciendo a un final conmovedor de una composición plástica y visual impecable, llena de sugerente emoción política. La última escena es excepcional. Uno como espectador tiene la impresión de que se le han quitado varios velos de su mirada, esa sensación entre jodida y placentera que sobreviene cuando se entienden las cosas en toda su extensión, cuando lo oculto emerge y emergen igualmente las causas de por qué estaba oculto lo que estaba oculto.

Chévere consigue una vez más, y lo hace cada vez mejor, esparcir ese efecto purificador y liberador llamado catarsis y tradicionalmente asignado a la tragedia clásica. También lo puede el teatro documento, sin duda, con toda una magnífica y renovada teatralidad y un rigor documental exquisito. Quizás con Azkona&Tolosa, son la compañía que más lejos está llegando con esta modalidad escénica que parte de una lectura crítica de la realidad para generar una propuesta estética única sobre la escena. De la ética surge la estética y lo estético refuerza el elemento ético. Algunos de sus títulos son ya patrimonio del mejor teatro político hecho en España desde Galicia.

Álvaro Vicente, Diario Red, 21 marzo 2024

Helen Keller, ¿la mujer maravilla?

En el escenario van vistiendo a Helen, van montando su historia a golpe de maniquí con una ternura tan especial, con una delicadez tal que ya nos invitan a soñar en otro código, en otros sentidos, en otras miradas. El silencio nos empieza a invadir, a remover, a despertar, a veces también nos incomoda. Disfrutamos de la escucha del resto de sentidos. El maniquí sin rostro cobra vida de la mano de Chévere, con sus caricias, con sus signos, con sus símbolos, con su amor. Amor que nos inunda, que lo olemos, que lo tocamos, que lo sentimos. Con la dramaturgia y maravillosa dirección de Xron, Ángela Ibáñez, Patricia de Lorenzo y Chusa Pérez de Vallejo nos embellecen la tarde con su reflexión, con su relato, con su narrativa poli angular, acompañando a Helen y al público, entregado, reflexivo, atento al devenir narrativo.

Vista Teatral, 21 marzo 2024

Helen Keller i les fotos que falten

La companyia gallega Chévere es reinventa a cada nou espectacle, sense deixar d'explotar la veta documental que en els darrers temps ha esdevingut un dels seus trets identitaris. En aquest cas, el repte icnlou treballar de manera exhaustiva per la inclusió de persones sordes i cegues. Helen Keller, a muller marabilla? Es caracteritza per una voluntat de registre exhaustiva, dins un sobri dispositiu documental que juga amb la idea de l'arxiu, defugint l'emoció però no la ironia ni la inevitable sornegueria gallega.

Ana Prieto Nadal, Núvol, 15 maio 2024

O QUE DI

O PÚBLICO

O venres fun ver esta peza e pareceume moi estimulante. Fala de como ás veces son outros quen constrúen o relato sobre nós mesmas a pesar de nós mesmas; aínda máis cando a nosa posición de partida é de desvantaxe. Pero tamén de opoñerse a ese relato con intelixencia. Ide vela!

Berta Dávila @bertadavila, escritora

Ayer vi Helen Keller, a muller marabilla?, otra propuesta fascinante de Chévere sobre la primera mujer sordo ciega que acabó una carrera, cuya historia ha sido manipulada y cuestionada para ocultar que era socialista. Están de gira. Id a verla!

Javier Gallego @carnecrudaradio

Es teatro documental, de objetos, inclusivo, silencioso, minucioso, político, reivindicativo, difícil y MARAVILLOSO. Tiene la virtud de hacer sentir al espectador lo que vive una pesona sorda. ¡GOZADA de teatro no convencional!

Chechu Soria @jehchechu

Chévere fixo unha cousa preciosa, marabillosa. Se ves do mundo da discapacidade entendes moitas cousas e se non ves del quedas noqueada. O ritmo da obra ten poucos estímulos, non hai música e está chea de silencios. Paréceme xenial porque esa especie de solemnidade ou eses tempos tan dilatados axudan ao público a empatizar con outro tipo de persoas. Para min é unha pedazo de obra, por permitir soñar, por empoderar a vida dunha persoa con discapacidade, por facer unha proposta que fala de temas tan marxinais ou minoritarios con esa sensibilidade e contundencia.

Irene Iñiguez, mediadora de persoas xordocegas

Qué marabillosa xornada de reflexión fixemos. Recomendo a todo o que poida que se achegue ao Salón Teatro de Compostela e goce/aprenda con Helen Keller, a muller marabilla? Chévere non defrauda nunca, pero con esta obra menos!

Madre de Dragones @Khaleesievery

Vaia marabilla! Encantounos! Curiñas para o corazón. Grazas por descubrimos a Helen Keller.

Luciérnaga @velocirrelucius

Qué sensación de plenitud ver un montaje tan extraordinario como Helen Keller, a muller marabilla? Teatro documental rebotante de buen gusto, sencillez, rigor, emoción, modestia y reflexión para coñecer una figura extraordinaria.

Francisco Durán Velasco @pac_7

La compañía Chévere s'ha de veure. Tant sí com non. Facin el que facin. I si pot ser en gallec, millor.

Oriol Osan @OriolOsan

Teatre inclusiu i feminista, llengua de signes, audiodescripció i subtitulació. Chévere, compañía veterana galega compromesa amb els drets i la justícia social. Per prendre nota cat

María @mariadoforno

A nova montaxe de Chévere é fantástica, unha experiencia teatral única.

Toni Tarela @toni_tarela

Que necesarios son Chévere. Menuda maravilla!

Anxo @Anxo_rabioso

Helen Keller, a muller marabilla? Logra, como todas las obras de Chévere, sumergirte y hacerte partícipe del proceso de investigación, de escritura, de creación. No es posible, con ellxs, ser espectadora pasiva.

Lapancartera @pancartera

Un vídeo con opinións de persoas con discapacidade visual que asistiron á obra:

<https://vimeo.com/952274761>

El hecho de poder subir al escenario antes de la función y poder tocar los elementos que hay en escena me ha permitido conocerlos mejor y tenerlos más presentes durante la representación.

Paula Varela Costa

O que me impresionou foi a experiencia de teatro accesible. Isto de recoñecer o escenario e o vestuario, que as propias actrices comentaran os obxectos que van usar. E tamén o dispositivo de audiodescripción, porque as narracións son moi boas. Foi unha experiencia marabillosa. Encantaríame que isto fose algo xeralizado en todos os teatros, que o teatro do futuro fose accesible.

Lorena Fernández Franco

O PROXECTO

Despois dunha serie de obras que cuestionaron as narrativas oficiais a través de historias locais nas que se cruzan a memoria colectiva e a experiencia persoal (Citizen, Eurozone, Fillas Bravas, Eroski Paraíso, Curva España, N.E.V.E.R.M.O.R.E.), este novo proxecto vai cuestionar o noso modus operandi, co fin de seguir derbordando os límites e as estratexias das prácticas de teatro documento. Afástase das historias máis u menos locais e da mirada xeracional, pero mantén o interese por narrar desde as zonas de rozamento entre a memoria colectiva e os relatos oficiais, usando a mesma metodoloxía de traballo e as tácticas de creación propias de Chévere.



HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA? foto SabelaEiriz

A HISTORIA DE HK

Todo comeza ao descubrir unha muller, totalmente descoñecida para nós, chamada **Helen Keller**. Nacida en Tuscumbia (Alabama), convértese nunha celebridade mundial ao ser a **primeira persoa xordocega en obter un título universitario** en 1904 en Harvard, despois dun duro proceso de aprendizaxe desde os sete anos. Polo menos esta é a parte da súa vida que fica na memoria colectiva, como un **exemplo de superación** da discapacidade. E polo que se sabe, a maioría dos seus escritos acaban rescatados como simples **aforismos motivacionais**. Pero ao investigar en varios arquivos dixitais norteamericanos **vanse descubrindo outras facetas** desconcertantes da súa vida, que son sistematicamente ocultadas: forma parte do **Partido Socialista Americano** e do sindicato revolucionario **Industrial Workers of the World**; é unha **sufrajista militante**; é unha **activista contra a I Guerra Mundial**; percorre Estados Unidos de costa a costa actuando no principal **circuíto de vodevil**; algún dos seus libros é **queimado polos nazis** no 1933; posiciónase **contra a guerra atómica** e contra o **apartheid**... Pero o máis sorprendente é que nos últimos anos espállase polas redes sociais unha campaña que nega os logros de Helen Keller, incluíndo unha petición en charge.org para eliminala da historia.

Este negacionismo actual desencadea a curiosidade necesaria para abordar a súa historia e compartila co público. **Por que se oculta parte da súa vida? A quen lle interesa facelo? Por que queren eliminala da historia? Porque é unha muller, xorda e cega? Porque non se acepta que unha das persoas máis famosas do século XX en EE.UU. sexa comunista? Porque unha muller con discapacidade non se pode converter nunha líder anticapitalista?**

Son preguntas que tratan **sobre a posibilidade da rebeldía e a disidencia** na nosa sociedade. Sobre a posibilidade de ser considerada unha muller marabillosa e ao mesmo tempo poder vivir simplemente como unha **muller independente e autónoma**. Sobre a posibilidade de aceptar que sexa **unha muller xorda quen rache os silencios sociais** ou que sexa **unha muller cega quen abra os ollos da sociedade diante da inxustiza** que nos rodea. Alén diso resoa a posibilidade da **utopía** entendida como unha función da nosa **memoria**. **Pode Helen Keller devolverlle os soños a Greta Thunberg?**



HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA? foto SabelaEiriz



HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA? foto SabelaEiriz

A LINGUA DE SIGNOS

Este tamén é un traballo que **cuestiona a in-comunicación entre persoas oíntes e non oíntes**, explorando as posibilidades de compartir unha conversa aberta no escenario, como unha silenciosa **reivindicación da importancia das linguas minorizadas**, do seu uso público e do seu encontro.

Por iso **integramos na mesma obra a lingua falada en galego e a lingua de signos**. Porque queremos chegar a públicos que quedaron sempre fóra do noso teatro. Porque sabemos que colocar simplemente uns subtítulos non significa que a obra sexa accesible para persoas xordas. Porque queremos **confrontar ao público oínte** coa realidade das persoas xordas, a súa lingua, a súa cultura e a súa marxinación. Porque queremos xuntar na mesma sala e en igualdade de condicións a persoas oíntes e persoas xordas.

A **convivencia entre unha lingua de signos e unha lingua oral** no mesmo plano e sobre o escenario non é doado. É algo que nos obrigou a **cuestionar as solucións** que coñeciamos e a buscar outro tipo de recursos para levar a historia a escena. Foi unha invitación a **empezar de cero** outra vez. A considerar o **silencio** como unha materia propia do teatro e a valorar o tempo que leva **contar algo co movemento das mans**, máis alá da rutina das voces, os berros ou os murmurios.

Para conseguilo, establecemos a **lingua de signos como lingua vehicular** do proxecto. As persoas do equipo que non a coñecían estiveron estudando e aprendendo lingua de signos durante algo máis dun ano, unha formación básica para poder entender do que estabamos a falar na obra.

A NARRATIVA, O DOCUMENTAL E O ESCÉNICO

Para elaborar este proxecto desenvolvemos un intenso **traballo de investigación e documentación** sobre Helen Keller. Lemos gran parte dos seus libros e moitos dos seus artigos espallados en revistas e xornais. Entre outras fontes, consultamos os arquivos de Helen Keller que conservan a **Fundación Americana de Cegos** (AFB polas súas siglas en inglés) ou o **Instituto Perkins para Cegos** de Boston, onde se atopa a numerosa correspondencia que mantivo ao longo da súa vida. Ademais dos libros de Helen Keller, lemos e consultamos unha extensa bibliografía en inglés, con especial atención ás biografías de Helen Keller que se foron publicando, como a primeira de **Van Wyck Brooks** do 1956, as de **Joseph Lash** (1980), **Dorothy Herrmann** (1999), **Kim Nielsen** (2005) e a máis recente de **Max Wallace** (2023) e ao libro recopilatorio de textos políticos **Helen Keller, her socialist years**, de **Philip S. Foner** (1967). En castelán só atopamos algúns dos seus textos políticos dispersos en internet e un libro cunha cuidada escolma titulada **Prende la luz** (2015), editado polo **Grupo de Investigación-Acción Helen Keller**. Vimos infinidade de fotografías e vídeos e numerosas películas e documentais sobre a súa vida, o seu pensamento e a súa obra escrita, desde o seu primeiro biopic do 1919, titulado **Deliverance**, que contou coa súa participación, ata o documental de **John Gianvito** titulado **Her socialist smile**, de 2020. E seguimos con interese as publicacións e opinións de investigadoras e activistas da discapacidade como **Stella Young**, **Elsa Sjunneson**, **Georgina Kleege**, **Kathi Wolfe**, **Leona Godin**, **Susan Crutchfield** ou **Anita Cameron**.

Pola distancia temporal e xeográfica, toda a documentación consultada estaba en **formato dixital**, polo que non dispoñemos de documentos orixinais en papel ou outros obxectos. Por suposto, tampouco dispoñemos dunha **memoria persoal** en relación aos feitos investigados.

Nalgún momento empezamos a sentir que estabamos dentro dun **videoxogo** que consistía en facer unha obra de teatro sobre Helen Keller, coa información e documentos dispoñibles. De aí xorde a idea de elaborar a nosa obra coma se fose un **libro de instrucións**.

O resultado é unha obra construída coma se fose o **tutorial** dun xogo. As actrices actúan como **avatares** doutras posibles xogadoras (o público), executando no escenario as instrucións e impulsos que se van dando a través dunha serie de **textos proxectados**, que funcionan como unha **voz narradora** anónima que tamén interpela ao público. A nosa **obra-tutorial** ofrece unha demostración en directo de como se pode xogar, dando como resultado unha das posibles obras que se poderían facer sobre Helen Keller.

No noso caso, trátase dunha obra que escolle un **formato documental**, usando un repertorio limitado de documentos e obxectos cos que se vai construíndo a historia de Helen Keller. A opción escollida **renuncia aos personaxes** e por tanto á idea de dramatizar a súa vida ou encarnar o personaxe dunha muller xordocega. Neste caso non interesa poñerse no seu lugar, senón sinalar desde a distancia que nos separa o lugar que unha persoa xordocega como Helen Keller ocupou na sociedade do seu tempo, que é un reflexo directo da nosa. Así que a convertemos nun **obxecto manipulable** en escena, un **manequín** de xastre, do mesmo xeito que a súa vida foi manipulada por outras persoas ou institucións ata convertela nun mito. Pero nós en escena imos colocar as pezas dese puzzle doutro xeito, para **amosar unha Helen Keller que se ocultou** e que funciona mellor como un exemplo de **disidencia** fronte ao milagre americano que ela mesma chegou a representar.

O xogo de **manipulación de obxectos** que cruza toda a obra é ademáis unha referencia **irónica** á imposibilidade de facer unha obra de teatro documental sen dispoñer dos documentos. É un intento de poñer o foco **nas mans**, aprender a contar coas mans. As mans que signan ou as mans que describen o que tocan. As mans que nos aprenden a mirar un obxecto ou as mans que crean imaxes no aire. As mans do mundo ou as mans a través das que vía Helen Keller.



HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA? foto SabelaEiriz



HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA? Foto SabelaEiriz

ACTIVIDADES PARALELAS

VISITA TÁCTIL

Trátase de facer unha visita polo escenario, antes do comezo da función, para recoñecer o espazo, os obxectos, a escenografía, o vestiario e as propias actrices, que son as que actúan como guías deste paseo, ofrecendo a posibilidade de tocar e manipular todos os elementos da obra e respondendo ás preguntas e comentarios das persoas participantes.

Duración: entre 20 e 40 minutos, en función do número de persoas.

Dirixido a grupos de persoas con discapacidade visual ou baixa visión.

Grupo máximo: 20 persoas.

Convocatoria: unha hora antes do comezo da función.

A captación e xestión dos grupos ten que facela o propio teatro, dirixíndose a asociacións de persoas con discapacidade visual e facendo difusión a través dos medios de que dispoña (web, programas de man, notas de prensa, redes sociais).

COLOQUIO POST FUNCIÓN

Diálogo aberto co público ao rematar a función, con presenza das tres actrices e, cando sexa posible, do equipo de dirección.

Duración: 30 minutos.

O teatro debe achegar: cadeiras, micrófono (se fose necesario), intérprete de lingua de signos.

Pódese facer na propia sala onde se fixo a función ou noutro espazo do teatro, o que facilitaría os labores de desmontaxe da escenografía.

OBRADOIRO: UNBOXING HELEN KELLER

Obradoiro en formato máster-class no que se analizan as estratexias narrativas e os temas tratados, ademais de describir e desmontar os elementos que se utilizaron para construír a obra, con apoio de imaxes e documentos relacionados co proceso de creación. Esta actividade faise preferentemente antes da función, no mesmo día ou días anteriores, e pódese completar co coloquio post-función.

Impartido por Xesús Ron (responsable da dramaturxia e dirección da obra).

Duración: 90 minutos.

Dirixido ao público en xeral.

Grupo máximo: 30 persoas.

Necesidades: un espazo con capacidade abonda, cadeiras, proxector de vídeo e ordenador conectado. Intérpretes de lingua de signos se asisten persoas xordas.

Custe: 150€

CHARLA-DIDÁCTICA SOBRE ACCESIBILIDADE NAS ARTES ESCÉNICAS

A partir da experiencia de *Helen keller, a muller marabilla?*, as tres actrices da obra comparten e analizan os problemas, os retos e as ferramentas atopadas para facer unha obra accesible e inclusiva coma esta, con información útil sobre medidas e xestión da accesibilidade nos teatros.

Para contar coa participación de Patricia de Lorenzo, Chusa Pérez de Vallejo e Ángela Ibáñez, esta actividade farase no propio día da actuación, tendo que rematar como mínimo dúas horas antes do comezo da función.

Duración: 60 minutos.

Dirixido a profesionais da xestión cultural e das artes escénicas.

Grupo máximo: 20 persoas.

Necesidades: espazo axeitado con cadeiras, intérpretes de lingua de signos.

A TÉCNICA

Tempo de montaxe

6 horas

A premontaxe de luces farase preferentemente antes da entrada da compañía, segundo o plano acordado entre o persoal técnico da compañía e o do teatro.

Tempo de desmontaxe

60 minutos + 15 minutos de carga.

Espazo escénico

Óptimo: 10m ancho embocadura, 12m ancho entre paredes, 8m fondo desde a primeira vara ata a parede ou pano de fondo, 6m altura varas ou truss.

Mínimo: 8m ancho embocadura, 10m ancho entre paredes, 7m fondo desde a primeira vara ata a parede ou pano de fondo, 5m altura varas ou truss.

Usarase cámara negra á alemana.

Fan falta 1 ou 2 patas negras para aforar, segundo plano que se achega.

Chan negro.

Escenografía

Un pano de fondo branco en forma de ele de 9m de longo x 4 m de alto (o lado curto da ele ten 3m). Vai montado sobre un tubo de aluminio na parte superior, con tirantes para enganchar nas varas, e un tubo de ferro na parte inferior, apoiado no chan.

Dúas mesas de metal con rodas de 1,80m x 0,80m x 0,85m.

25 caixas de cartón de distintos tamaños.

1 manequín de xastre

6 lámpadas de mesa.

1 cadeira negra.

Son

A compañía aportará:

- 3 micros inarámicos MKE2-EW

O Teatro aportará:

- P.A. axeitada ao recinto
- 2 monitores en escenario

Iluminación

23 PC 1 Kw

7 Recortes 25/50°

7 Recortes 15/30°

1 PAR 64 lámp CP60

1 PAR 64 lámp CP61

2 PAR 64 lámp CP62

8 bañadoras de cyclorama RGB

48 canles de dimmer

2 gardas nos ombros

A compañía achega mesa de iluminación (1 só universo)

Vídeo

Proxector 8000 lumens con conexión HDMI na primeira vara do escenario e HDMI no control.

Maquinaria

Linóleo negro de 10m x 6m (se o chan do escenario non é negro).

5 pezas de contrapeso (tipo “chocolatinas”) para suxeitar o ciclorama por abaixo.

Persoal do teatro durante a montaxe

1 técnico de luces

1 técnico de son

1 técnico de vídeo

1 maquinista

2 carga-descarga

Persoal en xira da compañía

1 técnico de luces

1 técnico de son e montaxe

3 actrices

Vehículos

Furgón de carga non superior a 3000 kg.

Se é posible debería quedar estacionado no teatro ata que a compañía marche. Se non fose posible, aconsellarase unha zona na que aparcar que teña a altura necesaria (+ de 2,5m).

Camaríns

Preferentemente 3 camaríns de uso individual.

A COMPAÑÍA

Chévere é unha compañía de axitación teatral con máis de 35 anos de traballo ao lombo, que soubo manter con naturalidade unha proposta de creación propia tan irreverente como xenuína. No 2014 recibíu o Premio Nacional de Teatro, polo seu compromiso social e cultural e pola súa coherente traxectoria de creación colectiva, transgresión de xéneros e conexión crítica coa realidade.

Desde 1988 Chévere actuou en centos de aldeas, vilas e cidades de toda Galicia, España, Portugal e outros países europeos, latinoamericanos e africanos. Fixo espectáculos de moi diferentes estilos e formatos e traballou en espazos pouco convencionais: na rúa, en barcos, aeroportos, carpas de circo, escaparates, ríos, portos, radios, bares, aulas... Usando o humor como filosofía e o pensamento crítico como ferramenta, as súas obras confrontan no palco os debates do presente coa memoria dun pasado recente que nos afecta, documentándoo escénicamente cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Exemplos deste modus operandi foron traballos como **N.E.V.E.R.M.O.R.E.** (2021) **Curva España** (2019), **Eroski Paraíso** (2016), **As Fillas Bravas** (2015), **Ultranoite no País dos Ananos** (2014), **Eurozone** (2013), a triloxía **Citizen** (2010-2011) ou **Testosterona** (2009).

Chévere crea a **Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa** en 1992, un espazo cultural independente único pola súa singularidade, ocupándose da dirección artística ata o seu peche a finais de 2011, precipitado pola persecución do goberno local do PP. Alí mantén o seu cuartel xeral durante 20 anos, servindo de base a gran parte da produción cultural da cidade e a infinidade de proxectos escénicos, grupos e autores que representan a creación máis arriscada deste período en Galicia, Portugal e España.

A partir de 2005 Chévere diversifica o seu teatro de operacións. Participa en proxectos audiovisuais como **Pepe O Inglés** (2005-06, serie emitida en TVG), **Crebinsky, o filme** (2008, longametraxe en cine), **A Viaxe dos Chévere** (2014, documental) ou a versión cinematográfica de **Eroski Paraíso** (2018). Crea a **redenasa.tv**, unha plataforma dixital de contidos culturais en galego que acolle ademais o arquivo audiovisual da Sala Nasa. Executa innovadores proxectos de creación en internet como **Amores Prohibidos 2.0**, xunto a un grupo de adolescentes. E converte o seu teatro nunha ferramenta de **divulgación, sensibilización e comunicación transversal** a moitos sectores da sociedade (divulgación científica, promoción do comercio retallista, sensibilización sobre temas de igualdade, violencia machista ou inclusión social).

Entre 2012 e 2019 Chévere desenvolve un **proxecto de residencia teatral no Concello de Teo** (A Coruña), un modelo experimental de relación público-privado, implicándose nunha contorna local para mellorar o uso dos espazos públicos, favorecer a estabilidade laboral dos profesionais do teatro e capitalizar o prestixio e o know how dunha compañía como Chévere en beneficio da comunidade que a acolle.

No 2015 a compañía pon en marcha a **Berberecheira**, unha iniciativa de custodia do territorio teatral, un laboratorio de creación para sementar proxectos escénicos de xestión colectiva que desbordan o núcleo estable da compañía, cofinanciado coa dotación do Premio Nacional de Teatro. Na Berberecheira incubáronse tres proxectos: **Goldi Libre** (2016), de César Goldi. **Salvador** (2017), de Borja Fernández. **Anatomía dunha Serea** (2018), de Iria Pinheiro.

Desde 2014 Chévere intensifica o seu traballo de creación de **ficcións sonoras**. Investiga nas posibilidades das narrativas espaciais, usando a comunicación sonora a través de dispositivos dixitais e auriculares para realizar visitas e paseos ficcionados por barrios, vilas, centros históricos, edificios singulares e espazos naturais, adaptadas tamén a usos turísticos (audioguías ficcionadas).

O ELENCO

Patricia de Lorenzo Desde 1990 traballa en diferentes disciplinas como teatro, música, dobraxe e audiovisual. En 1994 incorpórase ao grupo Chévere, destacando o seu traballo como actriz en *Annus Horribilis*, *Ana Pudor*, *Testosterona*, *Citizen*, *Eurozone*, *As Fillas Bravas*, *Eroski Paraíso*, *Divinas Palabras Revolution*, *Curva España*, *N.E.V.E.R.M.O.R.E.* Foi solista do coro *A Rá*, da *Banda da Nasa* e *A Tirana* e compoñeente do quinteto vocal *Tristáns*. Traballou en series de televisión e cine, con directores como *Jorge Coira*, *Alfonso Zarauza*, *Hannes Stöhr*, *Quique Otero* ou *Ricardo Franco*.

Ángela Ibáñez Actriz xorda con vinte anos de experiencia, tanto en España como en Europa, traballando da man de directoras como *Laila Ripoll*, *Ernesto Caballero*, *Maria Siebald*, *Julián Fuentes* e *Marco Paiva*. Cursou un máster de teatro en lingua de signos na *Universidade Jean Jaurès (Toulouse)*. Tamén impartiu cursos de iniciación á interpretación teatral en lingua de signos. En 2023 estreouse como directora coa pieza "*Érase una vez... Bodas de sangre*" para o *Festival Biennial de Lingua de Signos* en *Barcelona*.

Chusa Pérez de Vallejo Formouse nas distintas cidades nas que viviu (*Espazo Aberto*, *Lecoq*, *Decroux*, *Teatro Político da Universidade Politécnica de Madrid*). Traballou en *Brasil*, *Perú*, *Uruguai* e *Arxentina*. Fórmase con *Moisés Mato López* en *Teatro da Escoita*. En 2006 crea a compañía de teatro "*Los Últimos*" coa que fai proxectos escénicos con colectivos desfavorecidos. Ademáis traballa como *bailarina*, *pedagoga* e intérprete de lingua signos.

O EQUIPO DE DIRECCIÓN

Xesús Ron Intégrase no Grupo Chévere en 1988, realizando labores de creación de textos, produción, interpretación, dramaturxia e dirección artística e escénica en máis de 40 proxectos. Algúns son: N.E.V.E.R.M.O.R.E. (2021), Curva España (2019), Divinas Palabras Revolution (2018), Anatomía dunha serea (2018), Eroski Paraíso (2016), Goldi Libre (2016), As Fillas Bravas (2014, 2020), Eurozone (2013), Citizen (2010-2011), Testosterona (2009). En 1992 participa na creación da Nave de Servizos Artísticos-Sala NASA, ocupándose da xerencia e dirección artística ata 2011. Foi membro da xunta directiva da Red de Teatros Alternativos (1999-2003) e do Consello Asesor do Centro Dramático Galego (2006-2009). Formou parte do Colectivo Burla Negra e da Plataforma Nunca Máis. En 2010 participa na creación da plataforma dixital de contidos culturais Redenasa.tv. Dirixe o programa de residencia teatral de Chévere en Teo (2012-2019), o laboratorio de creación escénica A Berberecheira (2016- 2020) e a área de ficcións sonoras da compañía (2014-2024).

Borja Fernández Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, no 2023 presentou a súa tese en dramaturxia na Universidade Nacional das Artes de Buenos Aires. Colabora desde 2003 co Grupo Chévere. Ao mesmo tempo desenvolve os seus propios proxectos de creación, como Jean Paul ou Rewind. O seu proxecto máis recente, Salvador, foi seleccionado por Iberescena 2017 para as súas bolsas de creación dramaturxica no estranxeiro (Brasil). Cos seus proxectos escénicos ou en colaboración con outras compañías, xirou por Galicia, España, Portugal, República Checa, Mozambique e Brasil. Traballou para o Centro Dramático Galego como actor, músico e bailarín no 2005, 2008, 2013 e 2018 baixo a dirección de Ana Vallés, Quico Cadaval, Fefa Noia e Xesús Ron, respectivamente.



HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA? Parte do equipo

CONTACTO

Chévere

Rúa da Queimada 49, baixo
15703 Santiago de Compostela

info@grupochevere.eu

www.grupochevere.eu

Produción

Patricia de Lorenzo

patricia@grupochevere.eu

628 474 557

Dirección artística

Xesús Ron

xron@grupochevere.eu

660 960 916

Administración

Inés Portela

administracion@grupochevere.eu

Comunicación

Xana García

prensa@grupochevere.eu

635 140 100

Técnica

Fidel Vázquez

fvazquezdiaz@miraxe.coop

607 947 797

Borja Fernández

borjasalcedo@gmail.com

655 333 005

Distribución

Carlos M. Carbonell

cmcarbonell@cremilo.com

678 460 559